

CONVOCATORIA CONCURSO FOTOGRAFÍA E PINTURA ENTRE OS PROFESIONAIS DA ÁREA SANITARIA DE FERROL

OBXECTO DO CONCURSO:

Con motivo da celebración do Día das Bibliotecas, 24 de outubro, a **Biblioteca da Área Sanitaria de Ferrol**, organiza un concurso de **Fotografía e Pintura** dirixido a tódalas persoas que traballan ou traballaron na Área Sanitaria de Ferrol así como aquelas que participen nas actividades de fotografía e pintura organizadas pola Asociación ADECASFE

QUEN PODE PARTICIPAR?

Tódoos profesionais da Área Sanitaria de Ferrol que están desenvolvendo ou desenvolveran a súa actividade en calquera dos Centros de Saúde, PACs e centros hospitalarios adscritos a ela, así como aquelas persoas que participen nas actividades de fotografía e pintura organizadas pola Asociación ADECASFE.

CATEGORÍAS:

Fotografía e Pintura

COMO PARTICIPAR?

- Cada obra será presentada baixo o sistema de plica, polo que se enviará en sobre pechado por cada obra, indicando no seu exterior: **Concurso Fotografía – Pintura polo Día das Bibliotecas**; a categoría á que se presenta (Fotografía ou Pintura); o título da obra ou o seu lema; así como o pseudónimo da persoa que sexa a autora da obra, e conterá no seu interior a documentación seguinte:

- Copia do documento de identidade.
- A dirección, un teléfono de contacto, e un enderezo de correo electrónico.
- Unha declaración de que a obra non fora publicada nin premiada ata a data de presentación.
- Declaración responsable que manifieste ser a persoa autora e titular de todos os dereitos.
- Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no Premio, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Estes datos serán utilizados unicamente para a identificación das persoas gañadoras, e non se gardarán en ningún ficheiro electrónico con posterioridade, procedéndose á súa eliminación. Os participantes permitirán o uso dos seus nomes a efectos de publicidade ou exposición das obras.

- O número máximo de obras por persoa participante será de 2. É dicir: unha fotografía e unha pintura; ou dúas fotografías; ou dúas pinturas. O tamaño das obras entregarase en formato de 30*40 cm

- As obras serán presentadas xunto coa súa plica nun novo sobre pechado incluíndo no seu exterior os mesmos datos que os indicados no exterior do sobre da plica. As obras de pintura serán entregadas en formato fotografía.

TEMA CENTRAL DO CONCURSO:

A temática é libre.

COMO SE AVALIARÁN OS TRABALLOS?

Os traballos avaliaranse de acordo aos seguintes criterios:

1. Creatividade
2. Mensaxe que aporta
3. Orixinalidade

Seleccionarase un traballo finalista para cada unha das modalidades.

ONDE SE ENTREGAN OS TRABALLOS?

O persoal da Biblioteca recollerá os sobres remitidos, de luns a venres de 8.00 a 15.00 horas.

DATAS:

A **data límite** para o envío dos traballos é o xoves **20 de outubro ata as 15 h.**

A entrega de premios realizarase o día 24 de outubro ás 14 h no Salón de Actos do Hospital Arquitecto Marcide.

COMPOSICIÓN DO XURADO:

O xurado será presidido polo subdirector de Humanización, Calidade e Atención á Cidadanía e estará composto por:

- Juan M. González Lorenzo (Subdirector de Humanización, Calidade e Atención á Cidadanía)
- Amanda Gómez Costa (de ADECASFE Asociación Deportivo Cultural da Área Sanitaria de Ferrol)
- Ana Suárez Castro (de ADECASFE Asociación Deportivo Cultural da Área Sanitaria de Ferrol)
- Eduardo Pérez Gil (Fotógrafo)
- Manuel Carballeira Rivas (Pintor)

- Santiago Lago Canzobre, gañador do concurso de pintura 2020
- María Fernández Veiga, gañadora do concurso de fotografía 2020

A decisión do xurado será inapelable.

PREMIOS:

Establecerase un premio para cada unha das categorías.

A entrega de premios realizarase na semana de celebración do Día das Bibliotecas nun acto que se celebrará no Salón de Actos do Hospital Arquitecto Marcide

As persoas que resulten gañadoras serán convocadas ao acto de entrega de premios que se celebrará o día 24 de outubro no Salón de Actos do Hospital Arquitecto Marcide. O número de persoas asistentes ao acto de entrega estará condicionado ao aforo máximo permitido na actual situación de pandemia.

PROPIEDAD DOS TRABALLOS:

As persoas participantes manterán os seus dereitos de propiedade intelectual sobre as obras.

Os traballos recibidos serán expostos durante un mes na Área Sanitaria de Ferrol e exhibiranse de xeito individualizado na Intranet así como tamén serán publicados no biblioboletín da Biblioteca.

Rematada a exposición as persoas que así o desexen poderán retirar a súa obra.